

sición ante o mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

### *Disposición derradeira*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.  
Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2005.  
P.D. (Orde 27-9-2005, DOG do 30 de setembro)  
Emilio Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria

### ANEXO I

Solicitante	DNI	Proxecto	Axuda proposta	Para 2005	Para 2006
Diéguez Castrillón, María Isabel Sinde Cantorna, Ana Isabel Geimonde Canto, Ana	32655493-R 33295840-M 33316696-T	Políticas de fomento do turismo rural en Galicia: Unha avaliación da súa repercusión en termos de emprego e actividade empresarial	9.000 €	4.500 €	4.500 €
Besteiro Rodríguez, Begoña	33324745-E	Avaliación das políticas turísticas en áreas do interior de Galicia. Estudos do caso de Santiago de Compostela, Lugo e a Comarca do Eume	9.000 €	4.500 €	4.500 €
Barral Martínez, Margarita	76367880-Z	Monumentalización de Compostela na era monterista: a fusión da cidade e o agro	8.000 €	4.000 €	4.000 €
Miramontes Carballada, Ángel	76866751-S	O turismo forestal en Galicia. A revitalización das comarcas de carácter rural	8.500 €	4.250 €	4.250 €
López Dobarro, María Rosa	32693531-C	Estratexias de comunicación turística. A marca Galicia	8.100 €	4.050 €	4.050 €
Cabaleiro Velosa, Patricia	53179675-H	Proxecto ECATUR: estudo e catalogación das aldeas abandonadas para o turismo rural	11.500 €	5.750 €	5.750 €

### ANEXO II

Solicitante	DNI	Proxecto
López Gómez, Sofía	34881183-G	Internet. Unha fonte de información turística en crecemento
Gómez Alvite, María José	33329441-A	O folclore do camiño aplicado ao turismo
Santomil Mosquera, David	44811682-T	Excursionismo e creación de novos produtos turísticos na periferia de Santiago de Compostela
Lens Bruña, José Manuel	33277907-N	Proxecto para aplicar a tecnoloxía multimedia ao turismo artístico: guías sonoras
Gippini Fournier, David Quintanar Cabello, Vanesa	35321008-T 51984202-Q	A promoción de Galicia como destino turístico na internet
Ulloa Guitián, Luis María Ribas Álvarez, Alfonso	34266817-Z 44075888-E	Análise empírico da imaxe e percepción turística dos visitantes/turistas en dúas cidades galegas de interior. Os casos de Santiago de Compostela e Lugo

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos proxectos colectivos de xestión integral para o aproveitamento dos recursos mariños en Galicia e se procede á súa convocatoria.*

Advertidos erros na dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 1, do luns, 2 de xaneiro de 2006, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 26, no punto 2, liña 5ª, do artigo 19, onde di: «...poderá lugar a modificación...», debe dicir: «...poderá dar lugar a modificación...».

*Orde do 4 de xaneiro de 2006 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2006.*

Na presente orde establécese o réxime necesario para permitir a explotación marisqueira en Galicia durante todo o ano, coas garantías dunha boa xestión do recurso.

O Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 237/2002, do 11 de xullo, establece no seu artigo 3 que a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura aprobará, con carácter anual, un plan xeral de explotación marisqueira.

O mecanismo de elaboración do plan xeral permite ás entidades asociativas do sector participar na responsabilidade da xestión dos recursos.